

Telefónica e o neoliberalismo

A avalancha de noticias que foron saíndo estes días sobre Telefónica é un bo exemplo do alcance destrutor do modelo de capitalismo no que estamos instalados. Non é un caso singular ou illado senón que é o espello no que podemos ver retratado o mundo ao que conduce a deriva do capitalismo neoliberal.

Convén empezar recordando que Telefónica foi durante décadas unha empresa pública, con implantación tamén en Latinoamérica, que se foi privatizando por tramos até a definitiva entrega por Aznar ao inesquencible Villalonga en 1997. En poucos anos amasaron –el e os seus amigos– fortunas exorbitantes, usando a empresa para operacións especulativas de todo tipo – Terra, Lycos, etcétera– na febre das puntocom. Logo veu Alierta e puxo en marcha unha política de “creación de valor para o accionista”, é dicir, supeditar toda a estratexia da empresa a garantir altos dividendos anuais aos accionistas (bancos, caixas e fondos): 0,75 euros por acción en 2007; 1,4 en 2010 e promete 1,75 en 2013. É realmente unha alta rendabilidade que rolda o 9%-10% anual.

¿Cal é o problema?: Que a empresa vai destinando a dividendos unha porción cada vez maior dos beneficios: un 40% en 2007 até un 82% en 2010 e prevé un 91% en 2013. Que significa iso?: Que cada vez destina menos a investimento, limitando a súa capacidade de crecemento en base a autofinanciamento, até facerse case marxinal. Vai recortando todo aquilo que lle limita o reparto de beneficios a curto prazo: reduce drasticamente o investimento en I+D, retrasa indefinidamente os investimentos na nova xeración de rede de internet ultrarápida, empeora a calidade do servizo aos usuarios, só acomete a cobertura dos territorios menos rendíbeis na medida en que reciba xenerosas subvencións públicas, etcétera. Só así se explica a presentación, en paralelo, dun plan para reducir un 20% do persoal no Estado español: 6.400 despedidos sobre os 32.000 empregados actuais; seguindo a senda que os trouxo até aí desde os 70.000 que tiña anos atrás. Tamén así se entende mellor a presión das finanzas e das grandes empresas no asunto da reforma laboral e abaratamento do despedimento, a redución dos salarios ou a motivación dese “Consejo de Competitividad” impulsado por Alierta –coa bendición de Zapatero– e que vai presidir o socialista Miguel Boyer.

Esa entrega apaixonada aos accionistas non podía ser desinteresada. Para xunguir con sangue accionistas e directivos nada mellor que estes se autorrepartan un forte incentivo en forma de accións: para iso propoñen autoentregarse nos vindeiros tres anos 450 millóns de euros en accións. Sumadas ás que xa teñen, non cabe dúbida de que teñen incentivos abondo para aplicarse en corpo e alma a procurar altos dividendos e revalorizar as –súas– accións a curto prazo, a costa de quen sexa, usuarios, traballadores e mesmo o longo prazo da empresa. É o capitalismo de Alí Babá.

Pero o importante é entender que Telefónica non é a anécdota. É o modelo: un capitalismo que se devora a si propio. Ou, mellor dito, un capital financeiro que demanda dividendos cada vez máis elevados cercenando a capacidade reinvidadora e innovadora do capital productivo. Non é que nos estean furtando uns euros ou uns empregos máis ou menos; non é que nos recorten un dereito aquí ou acolá. Non, o que nos estamos xogando nestes anos é o esbarullamento do edificio social, das condicións de existencia, traballo e vida da maioría da poboación. A pillaxe ubicua das finanzas, cuxa única lei é a maximización dos beneficios de curto prazo, está destruindo as bases da economía produtiva e do emprego nesta parte do planeta. É o reino do capitalismo ultraliberal e desregulado que logo ten que ir pedindo auxilio aos fondos soberanos e empresas públicas dos países que non tragaran a milonga do libre mercado máis que naquilo que lles resulta estratexicamente útil.

Artigo de Xavier Vence publicado no Avantar (Diario dixital da CIG)

Sección Sindical CIG Telefónica